

Estimadas familias,

Como estades a ver, dende o centro estamos a organizar o mellor posible o traballo co alumnado, tendo en conta a particularidade de cada materia e de cada grupo aula.

É moi importante que todos e todas sigamos as indicacións que se nos están a comunicar dende as autoridades sanitarias, porque sabemos que se trata dun traballo colectivo, como Sociedade, e nós neste centro, sabemos o que é formar parte dun grupo e que o respecto, a colaboración e a xenerosidade sempre dan como resposta o ben de toda a comunidade.

Aínda que cada familia terá que organizarse segundo as características e necesidades que teña, entendemos que sería de interese facilitar ao alumnado unhas orientacións que poidan axudar a continuar co estudo dun xeito organizado, creando ademais un entorno de normalidade que pensamos é moi necesario, posto que estas medidas de illamento é posible que se fagan máis difíciles día a día. Aquí tedes as nosas propostas:

- Crear unha **rutina diaria**:
 - Mantendo as **rutinas familiares habituais** nun día lectivo (aseo, vestido, comidas, tarefas de casa...).
 - Dentro do posible, deberían establecer **uns horarios e espazos fixos de traballo**, alternando con tempos de descanso. Sería convinte reservar as mañás para este tipo de rutinas.
 - Conciencialos para que neses **tempos de descanso non** realicen **actividades** que dificulten á volta á concentración posterior, por exemplo co **xogo electrónico, móbil, películas ou series televisivas longas....**,
 - Elaborando un **horario** no que figuren tanto as tarefas familiares como a **planificación do traballo de aula** en función das propostas polo profesorado.
 - Por suposto, poderán **plantexar dúbidas ao profesorado** tanto a través de correo electrónico como coa utilización da Aula Virtual, segundo se teña establecida a comunicación en cada caso.
- Fomentar a **lectura**, a mellor ferramenta para transmitir sabedoría, incrementar a capacidade de reflexión, de crítica, de reflexión e un instrumento moi eficaz para axudarnos nestes días de recollemento.
- Podemos atopar na rede moitos **recursos educativos, culturais, de lecer** que están circulando estes días, facendo unha selección cada familia en función dos seus intereses.
- **Evitar o sedentarismo**, propoñendo xogos, bailes ou actividades que axuden a ese fin.
- Aproveitar para recuperar o **xogo en familia**.
- Por suposto o **tempo de lecer é importante** e despois do traballo, ben merecido teñen un pouco de vicio electrónico, unha xuntanza virtual coas amizades, unha boa peli...

Grazas pola vosa colaboración.

Equipo Directivo.